



## REGULAMENTO DA FEIRA MEDIEVAL

### HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
24/04/2012			BOP	104	07/05/2012

### SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ [informatica@concellodemonforte.com](mailto:informatica@concellodemonforte.com) 🌐 [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>  
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

## INDICE

<b>1. OBXECTO DO REGULAMENTO</b>	<b>3</b>
<b>2. EMPRAZAMENTO</b>	<b>3</b>
<b>3. DATAS E HORARIO DE FUNCIONAMENTO</b>	<b>3</b>
3.1. Datas	3
3.2. Horario de funcionamento	3
<b>4. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN</b>	<b>3</b>
4.1. Documentación a presentar	3
4.2. Presentación de solicitudes	4
4.3. Aceptación de solicitudes	4
4.4. Criterios de Adjudicación dos postos de venda	4
<b>5. CRITERIOS DE UBICACIÓN</b>	<b>4</b>
<b>6. DEBERES E OBRIGAS DOS/ DAS PARTICIPANTES</b>	<b>4</b>
<b>7. TRANSMISIÓN DE DEREITOS</b>	<b>5</b>
<b>8. ACEPTACIÓN DAS NORMAS E MOTIVOS DE EXPULSIÓN</b>	<b>5</b>
<b>9. ENTRADA EN VIGOR</b>	<b>6</b>

## 1. OBXECTO DO REGULAMENTO

---

O Concello de Monforte de Lemos, a través das Concellerías de Cultura e Turismo, regula mediante o presente documento a organización da Feira Medieval de Monforte de Lemos, incluíndo a selección dos postos de venda, ubicación e montaxe dos mesmos.

## 2. EMPRAZAMENTO

---

A Feira Medieval ubícarase no Casco Histórico da cidade.

Fóra do emprazamento indicado queda prohibida a instalación de ningunha parada.

## 3. DATAS E HORARIO DE FUNCIONAMENTO

---

### 3.1. Datas

---

A Feira Medieval terá lugar, preferentemente, durante a Semana Santa, mediante Resolución da Alcaldía concretarase o/-os día/-as do devandito acto.

### 3.2. Horario de funcionamento

---

Horario ininterrompido de 10:00 horas a 21:00 horas sen prexuízo de calquera cambio no horario pola organización que lles será comunicado aos participantes.

Os horarios de apertura deberán cumprirse con puntualidade; os horarios de peche poderán ser ampliados en función da afluencia de xente.

## 4. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

---

Poderase solicitar a participación na Feira Medieval en tres modalidades:

**ALIMENTACIÓN:** Aqueles postos que vendan comida ou bebida.

**ARTESANÍA:** Venda de produtos manufacturados polo/-a propio/-a vendedor/-a, mediante proceso artesanal, e que exhiba a devandita técnica ante o público, mínimo 2 horas diarias, durante o transcorrer da feira.

**COMERCIO:** Venda de produtos preparados para a súa venda mediante procesos industriais ou semi-industriais, ou produtos de artesanía en sistema de revenda. Os postos que combinen artesanía propia e revenda serán considerados como postos de comercio.

### 4.1. Documentación a presentar

---

As persoas interesadas en participar deberán enviar, polo medio que se indique na propia páxina web do concello, a seguinte documentación xenérica e específica:

#### 4.1.1. Documentación xenérica:

- Ficha de participación, debidamente cumprimentada. (Documento Anexo)
- Fotocopia do DNI da persoa solicitante.
- Fotografía recente da parada e dos produtos a vender.
- Fotocopia de estar dado de alta no IAE (Imposto de Actividades Económicas).

#### 4.1.2. Documentación específica:

Postos de Alimentación:

- Copia do Carné de Manipulador de Alimentos

Postos de Artesanía:

- Copia da Carta de Artesán/-á ou similar.
- Memoria explicativa da técnica de traballo empregada.

Non será considerada aquela solicitude que non estea acompañada dos documentos esixidos.

#### 4.2. Presentación de solicitudes

A documentación a presentar deberá ser enviada polo medio que se especifique na propia páxina web do Concello ata un mes antes da celebración da Feira, non se admitirán solicitudes presentadas fóra de prazo ou realizadas de forma diferente á designada.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación íntegra do presente regulamento.

A organización resérvase o dereito de ampliar o prazo no suposto de que o número de solicitudes presentadas no período indicado sexan inferiores ao número de paradas a instalar.

#### 4.3. Aceptación de solicitudes

As solicitudes de participación que cumpran cos requisitos nomeados nos anteriores apartados serán resoltos pola organización.

A organización comunicarlle a cada seleccionado/-a a súa participación no evento a través do medio que ao respecto se sinala, fixándose como data límite para a comunicación quince días antes da celebración da mesma.

Unha vez comunicada a confirmación, o/a interesado/-a deberá ingresar a cuota de participación no prazo de 10 días, requisito necesario para a validación da solicitude e enviar o xustificante de ingreso polo medio indicado ben sexa por correo electrónico ou por fax.

No caso de non efectuarse o ingreso e a notificación sinalados anteriormente no prazo indicado, entenderase como anulado do dereito de participación.

No caso de renuncia, o/a participante deberá informar a organización coa maior brevidade posible para poder así cubrir a praza coa lista de espera.

#### 4.4. Criterios de Adxudicación dos postos de venda

Os postos de venda da Feira Medieval de Monforte de Lemos serán adxudicados polo comité organizador en base aos seguintes criterios:

- O produto de venda e as súas características, dándolle prioridade aos produtos artesanais sobre os de revenda.
- Evitar a excesiva reiteración dun mesmo produto nos diferentes postos.
- Engalanado da parada e a vestimenta.
- Calquera outro criterio que se considere interesante para o bo desenvolvemento da actividade.

A organización priorizará as solicitudes de vendedores/-as de Monforte e comarca, sempre que se axusten aos criterios de adxudicación expostos anteriormente.

A organización rexeitará as candidaturas que non se axusten aos obxectivos do evento ou que, por calquera motivo, sexan incompatibles co mesmo.

A decisión da organización non será susceptible de recurso.

## 5. CRITERIOS DE UBICACIÓN

A distribución e ubicación das paradas será competencia exclusiva da organización, axustándose ao espazo establecido para a realización da Feira, e de acordo ao presente regulamento.

## 6. DEBERES E OBRIGAS DOS/ DAS PARTICIPANTES

1. Durante a celebración da Feira Medieval os/as participantes só poderán vender e/ou producir exclusivamente os materiais e produtos reflectidos na ficha de solicitude.
2. Será responsabilidade do/da vendedor/-a a calidade, composición, elaboración e prezo dos artigos de venda.

3. As persoas participantes deberán decorar a súa parada obedecendo ás seguintes orientacións:
  - Os postos deberán estar construídos en madeira, no caso de empregar ferro deberá estar oculto baixo teas.
  - Os motivos e materiais empregados na decoración da parada deberán estar en concordancia coa época medieval.
  - As persoas que atendan a parada deberán estar vestidas da época a recrear (roupa e calzado), evitando empregar artigos modernos (reloxo, teléfono móbil, ...)
  - No caso de empregar envoltorios ou bolsas, estes deberán adecuarse á época, evitando elementos de plástico (estes últimos soamente serán admitidos en caso de choiva).
4. En concreto, todos os postos, paradas, barracas, tabernas, etc., que vaian ser instalados e nos que leven a cabo tarefas de elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, deberán cumprir os seguintes requisitos:
  - Dispor de instalacións adecuadas para manter unha correcta hixiene do persoal.
  - As superficies que estean en contacto cos alimentos deberán estar en bo estado e ser fáciles de limpar e desinfectar.
  - Dispor de material adecuado para a limpeza e desinfección dos utensilios de traballo
  - Instalar os medios adecuados para o almacenamento e eliminación hixiénica de substancias e refugallos perigosos e/ou non comestibles, xa sexan sólidos ou líquidos.
  - Contar con instalacións ou medios adecuados para o mantemento e control das condicións óptimas de temperatura dos produtos alimenticios.
  - Os produtos alimenticios deberán colocarse de tal modo que se evite o risco de contaminación dos mesmos.
5. Os participantes teñen a obriga de manter a parada aberta nas datas e horario de apertura ao público indicadas no artigo 3 do presente regulamento.
6. A montaxe das diferentes paradas terá lugar entre o día anterior no horario marcado polo Concello e o propio día da Feira sempre antes das 09:00 horas, non estando permitido o acceso de vehículos despois desta hora.  
Na folia de solicitude cubrirase a preferencia de montaxe. As persoas responsables das paradas serán citadas nunha data e hora concretas, co fin de intentar facer a montaxe do mercado da maneira máis organizada posible.  
Accederase ao lugar a pé, designarase o lugar, e unha vez coñecido o emprazamento da parada, accederase co vehículo.  
Descargarase o material e retirarase o vehículo coa maior brevidade posible para facilitar a montaxe de todas as paradas.
7. A desmontaxe das paradas terá lugar o propio día da Feira ou como máximo o día seguinte da mesma (suxeito a cambios en función da afluencia de público), efectuándose da seguinte forma: primeiro desmontarase a parada e despois accederase co vehículo para cargar o material.
8. Correrán a cargo dos vendedores/-as os gastos de traslado, carga e descarga da mercadoría, así como a responsabilidade da mesma e os danos que esta puidese sufrir.
9. Os/as vendedores/-as deberán cumprir coas normas autonómicas e estatais que lles sexan de aplicación.
10. A iluminación será obrigatoriamente por conta do artesán/-á, debendo traer xerador de corrente.
11. Non está permitido deter ou estacionar vehículos dentro do percorrido do mercado fóra dos horarios establecidos para a montaxe e retirada da parada.  
A descarga da mercadoría para repoñer deberá ser fóra do horario de apertura da Feira e interferindo o menos posible no desenvolvemento desta.

## 7. TRANSMISIÓN DE DEREITOS

Os candidatos/-as seleccionados/-as para participar na Feira Medieval de Monforte, non poderán ceder a terceiros a súa posición baixo ningún concepto.

## 8. ACEPTACIÓN DAS NORMAS E MOTIVOS DE EXPULSIÓN


O envío da solicitude implica a aceptación de todas as cláusulas do presente regulamento.

O incumprimento de calquera dos artigos anteriores por parte das persoas participantes poderá supoñer a expulsión inmediata da Feira, calquera dos días que se desenvolve, perdendo o infractor/-a o importe satisfeito en concepto de taxas, así mesmo correrán por conta do vendedor/-a todos os desperfectos que se ocasionen na vía pública.

## 9. ENTRADA EN VIGOR

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP.

Monforte de Lemos , a 24 de abril de 2012.



O ALCALDE

Severino Rodríguez Díaz